



ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN E FUNCIONAMENTO DE INFRAESTRUTURAS RADIOELÉCTRICAS DO CONCELLO DE ARZÚA.

PREÁMBULO

Nos últimos anos estase a producir unha grande demanda de servizos de comunicacións e, como consecuencia diso, un gran desenvolvemento e implantación das novas tecnolóxicas da comunicación, e en especial, das comunicacións inalámbricas. As infraestructuras son o soporte necesario para presentar os servizos de comunicacións que utilizan o espectro radioelétrico.

As Administracións Públicas competentes, nos seus distintos niveis, garanten a protección dos cidadáns mediante a regulación e control, baseándose para iso no progreso tecnolóxico e dos coñecementos científicos respecto da protección contra as radiacións non ionizantes.

A nivel estatal, debe de terse en conta que de acordo coa Lei 32/2003, do 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións, corresponde ao Estado a xestión do dominio público radioelétrico e o desenvolvemento regulamentario, entre outros aspectos, dos procedementos de determinación dos niveis de emisión radioelétrica tolerables. A estes efectos é o Real Decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece as condicións de protección do dominio público radioelétrico, as restriccións e as medidas de protección das emisións radioelétricas, a norma de aplicación en todo o Estado que garante o control e a protección da saúde dos cidadáns ante as emisións radioelétricas.

A incidencia que moitas destas instalacións teñen na paisaxe urbana e rural xunto co necesario acceso dos cidadáns a estes servizos de telecomunicacións xustifica a elaboración e aprobación por parte do Concello de Arzúa dunha Ordenanza Municipal

propia, reguladora do impacto urbanístico e ambiental sobre o territorio municipal das devanditas infraestructuras, someténdoo ao correspondente réxime de licenzas.

Esta Ordenanza nas súas competencias municipais, establece unha serie de requisitos, que deberán cumprir este tipo de instalacións tanto dende a regulación das condicións urbanísticas, protección ambiental e seguridade, como dende o sometemento a licenza da súa implantación e funcionamento.

No espírito desta Ordenanza está trasladar ata o ámbito de competencias municipais o espírito que inspirou a aprobación da Disposición Adicional 12ª da Lei Xeral de Telecomunicacións, que recoñece a necesidade de solucionar as dificultades que se están a atopar para o despregue das infraestructuras de comunicacións, e de facelo respectando as competencias municipais en materia de ordenación urbanística e protección ambiental.

Seguindo as recomendacións da citada Disposición Adicional 12ª e en desenvolvemento dos acordos da Comisión Sectorial para o Despregue de Infraestructuras de Radiocomunicación (CSDIR), a Federación Española de Municipios (FEMP) e a Asociación de Empresas de electrónica e Tecnoloxías da Información e Telecomunicacións de España (AETIC), subscribiron o 14 de xuño de 2005 un Convenio de Colaboración que recolle o compromiso de todas as partes de favorecer o desenvolvemento harmónico das infraestructuras de redes de radiocomunicación ao que se adheriron as catro operadoras de telefónica móbil (Retevisión Móbil (Orange), Telefónica Móviles España, Vodafone España, Xfera Móviles) e máis dun millar de concellos.

En cumprimento do devandito Convenio elaborouse un CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS (CBP) que é un instrumento de referencia para os Concellos e operadores ao obxecto de favorecer o despregue das infraestructuras cumprindo as normativas, e axilizar a tramitación de licenzas municipais, en cuxas recomendacións ou obxectivos inspirouse a presente Ordenanza, polo que deben ser tidos en conta como criterio interpretativo á hora da súa aplicación.

CONTIDO E ALCANCE

A parte dispositiva da Ordenanza divídese en 25 artigos, agrupados en sete capítulos e conforme ao seguinte esquema:

CAPÍTULO I: Obxecto e ámbito de aplicación.

CAPÍTULO II: Planificación da implantación.

CAPÍTULO III: Limitacións e condicións de protección.

CAPÍTULO IV: Réxime xurídico das licenzas.

CAPÍTULO V: Conservación e mantemento das instalacións.

CAPÍTULO VI: Réxime de protección da legalidade e sancionador das infraccións

CAPÍTULO VII: Réxime fiscal

A parte final da Ordenanza componse dunha Disposición Adicional, dúas Transitorias e dúas Finais, e complétase cun Anexo coa definición dos conceptos nela utilizados.

CARÁCTER

Trátase dunha Ordenanza de carácter multidisciplinar, dada a existencia de diferentes competencias municipais que inciden sobre o despregue de infraestructuras radioeléctricas, que se procuran integrar harmonicamente, a través da intervención de todas elas nun procedemento de concesión das preceptivas autorizacións administrativas que resulte áxil e efectivo.

COMPETENCIA MUNICIPAL

Díctase esta Ordenanza de acordo coa habilitación legal que outorga a capacidade e lexitimidade dos Concellos para intervir, dentro do seu ámbito territorial e no marco da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, no proceso de implantación das infraestructuras necesarias para o soporte e funcionamento dos distintos servizos de telecomunicación a través das oportunas ordenanzas municipais e a concesión das correspondentes licenzas administrativas en materia urbanística e de actividade ou protección ambiental cando proceda.

Por iso o Concello de Arzúa desenvolve a través desta Ordenanza as competencias que lle están recoñecidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, nas seguintes materias: Ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística - artigo 25.2.d) -, o patrimonio histórico artístico - artigo 25.2.e) -, a protección do medio ambiente - artigo 25.2.f) - e a salubridade pública - artigo 25.2.h) -.

MARCO NORMATIVO

Sen prexuízo da regulación urbanística municipal contida nesta Ordenanza, e no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Arzúa, será plenamente aplicable e de obrigado cumprimento, a normativa sectorial específica reguladora do sector das telecomunicacións, constituída na actualidade basicamente por:

- A Lei 32/2003, do 3 de novembro, Xeneral de Telecomunicacións
- Os Reais Decretos 2296/2004, do 10 de decembro, e 424/2005, do 15 de abril, polos que se aproban os Regulamentos de desenvolvemento dos títulos II y III da citada Lei 32/2003, respectivamente
- O Real Decreto-Lei 1/1998, de 27 de febreiro e o Real Decreto 401/2003, do 4 de abril, sobre infraestructuras comúns de telecomunicación, así como as regulamentacións e especificacións técnicas relativas ás distintas clases de instalacións e equipos desta índole
- O Real Decreto 1066/2001, de 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece as condicións de protección do dominio público radioeléctrico, as restricións e as medidas de protección das emisións radioeléctricas
- O RD 1890/00, que establece o procedemento para a avaliación da conformidade dos aparatos de telecomunicacións
- A Orde CTE/23/2002, do 11 de xaneiro, pola que se establecen condicións para a presentación de determinados estudos e certificacións por operadores de servizo de radiocomunicacións

Asemade, será plenamente aplicable e de obrigado cumprimento, a normativa autonómica sobre urbanismo e medio ambiente, constituída na actualidade basicamente por:

- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (modificada polas Leis 15/2004, de 29 de decembro e 2/2010, de 25 de marzo)

- Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei reguladora do solo de Galicia
- Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia
- Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental

CAPÍTULO I.- OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1. - Obxecto

O obxecto desta Ordenanza é regular as condicións urbanísticas e ambientais ás que deben someterse a ubicación, instalación e funcionamento das infraestructuras radioelétricas de telecomunicación no termo municipal de Arzúa, co fin de que a súa implantación se realice con todas as garantías de seguridade e se produza o mínimo impacto visual e ambiental en ámbito urbano e rural. Tamén é obxecto desta ordenanza o establecemento dun procedemento áxil de tramitación das preceptivas licenzas municipais, en concordancia co establecido no artigo 29 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, Xeneral de Telecomunicacións.

O exercicio das devanditas competencias enténdese sen prexuízo das do órgano competente por razón da materia sobre telecomunicacións, incluíndo a verificación da non superación dos límites de exposición a campos electromagnéticos.

Artigo 2. - Ámbito de Aplicación

1. Están incluídas no ámbito de aplicación desta ordenanza as infraestructuras radioelétricas con antenas susceptibles de xerar campos electromagnéticos nun intervalo de frecuencia de entre 0 Hz a 300 GHz que se atopan situadas no termo municipal, e concretamente:

A) Antenas e infraestructuras de telefonía móbil e outros servizos de radiocomunicación móbil.

B) Antenas e infraestructuras de radiodifusión sonora e televisión.

C) Infraestructuras e instalacións radioelétricas de redes públicas fixas con acceso vía radio e radioenlaces.

2. Quedan excepciónadas da aplicación desta ordenanza:

A) Antenas catalogadas de radio afeccionados.

B) Antenas receptoras de radiodifusión e televisión.

C) Equipos e estacións de telecomunicación para a defensa nacional, seguridade pública e protección civil, nas condicións convidadas ao efecto polo Concello e o órgano titular.

CAPÍTULO II.- PLANIFICACIÓN DA IMPLANTACIÓN

Artigo 3. - Xustificación da planificación

A planificación das instalacións radioeléctricas de telecomunicación ten por obxecto establecer un marco informativo xeral a partir da documentación achegada por cada operador ao obxecto de que o Concello poida fomentar e facilitar, no seu caso, medidas de coordinación e adecuación da súa integración urbanística e ambiental, así como posibilitar unha información xeral aos cidadáns e operadores.

Cada un dos operadores que pretenda o despregue e instalación de infraestruturas de telecomunicación as que se refire o artigo 2.1, estarán obrigados á presentación ante o Concello dun Plan de Implantación que contemple o conxunto de todas as súas instalacións radioeléctricas dentro do termo municipal.

Artigo 4. - Natureza do Plan de implantación

O Plan de implantación constitúe un documento de carácter informativo e orientativo que ten por obxecto reflectir as instalacións actuais e as previsións futuras dun operador no Municipio.

O Plan terá carácter non vinculante para os operadores e será actualizado por estes a medida que sexa necesario, se ben en caso de que o despregue non se axuste ao Plan presentado ante o Concello deberán proceder á súa actualización conforme ao establecido no artigo 7 da presente ordenanza.

Os cidadáns terán dereito a acceder á información dos Plans de Implantación presentados no Concello.

Artigo 5. - Contido do Plan de Implantación

O Plan de Implantación presentarase por triplicado e reflectirá as situacións das instalacións existentes e as áreas de busca para as previstas e non executadas, e deberá estar suscrito por un técnico competente en materia de telecomunicacións.

O Plan estará integrado pola seguinte documentación:

A) Memoria coa descrición xeral dos servizos a prestar, as zonas de servizo atendidas, as solucións constructivas utilizadas e as medidas adoptadas para a minimización do impacto paisaxístico e ambiental das instalacións previstas no Plan, que seguirán as directrices acordadas no Código de Boas Prácticas citado no Preámbulo da presente ordenanza.

B) Copia do título habilitante para a implantación da rede de telecomunicacións.

C) Rede de Estacións Base:

- Rede existente (código e nome de localización, dirección postal e coordenadas UTM)
- Previsións de despregue (código de localización, nome da zona, data obxectivo e coordenadas UTM).

D) Planos do esquema xeral da rede do conxunto das infraestructuras radioeléctricas, indicando as instalacións existentes e as que se pretendan instalar, coa localización en coordenadas UTM (coordenadas do emprazamento para instalacións existentes e representación da área de busca para as instalacións previstas nun ano), cun código de identificación para cada instalación.

Incluirase sempre que sexa posible nos planos os nomes de rúas, e a escala xeográfica adaptarse a unha representación axeitada á rede, que permita visualizar ao mesmo tempo o conxunto da mesma e os detalles de localización suficientes para cada localización.

Artigo 6. - Criterios para a instalación dos equipos

1. Conforme ao establecido no RD 1066/2001, na planificación das instalacións radioeléctricas, os seus titulares deberán ter en consideración, entre outros criterios, os seguintes:

A) A ubicación, características e condicións de funcionamento das estacións radioeléctricas deben minimizar os niveis de exposición do público en xeral ás emisións radioeléctricas, con orixe tanto nestas, como, no seu caso, nos terminais asociados ás mesmas, mantendo unha axeitada calidade do servizo.

B) En caso de instalación de estacións radioeléctricas en cubertas de edificios residenciais, os titulares de instalacións radioeléctricas procurarán, sempre que sexa posible, instalar o sistema emisor de xeito que o diagrama de emisión non incida sobre o propio edificio, terraza ou ático.

2. Nas instalacións deberase utilizar a solución constructiva técnica e economicamente viable que mellor contribúa á minimización do impacto visual e ambiental.

Artigo 7. - Actualización e modificación do Plan de Implantación

1. Os operadores deberán comunicar ao Concello as modificacións ou actualizacións, se as houberse, do contido do Plan de Implantación presentado.
2. No primeiro semestre do ano, deberán presentar un plano actualizado do esquema xeral da rede de estacións base, só cando se produzan cambios no ano anterior, que afecten aos emprazamentos na súa localización ou no número das instalacións existentes.
3. En todo caso, as operadoras deberán adecuar o Plan á normativa que en cada momento sexa de aplicación nesta materia.

Artigo 8. - Colaboración da Administración Local

Co fin de facilitar a redacción do Plan, e sen prexuízo da obriga de presentar o Plan de Implantación, o Concello, na medida en que sexa posible, poderá proporcionar ao operador:

- Información sobre os emprazamentos que o Concello considere axeitados, en especial, os que formen parte do Patrimonio municipal e que sexan utilizables a priori.
- Un plano do municipio indicando as localizacións existentes que poidan ser idóneas para a instalación das infraestructuras (equipamentos, instalacións eléctricas, depósitos de auga, etc....).
- Información sobre aqueles emprazamentos que por ter unha especial protección non sexan idóneos ou necesiten autorización especial.
- Proxectos de obras e traballos previstos a realizar no municipio que poderían ter un impacto sobre o despregue do operador.

CAPITULO III.- LIMITACIÓNS E CONDICIÓNNS DE PROTECCIÓN

Artigo 9. - Aspectos xerais

9.1. A instalación e o funcionamento das infraestructuras radioeléctricas deberán observar a normativa vixente en materia de exposición humana aos campos electromagnéticos, en especial, a establecida no Real Decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece, entre outras, medidas de protección sanitaria fronte ás emisións radioeléctricas, e en particular, non poderán establecerse novas instalacións radioeléctricas ou modificar as existentes, cando seu

funcionamento conxunto puidese supoñer a superación dos límites de exposición establecidos na normativa aplicable.

9.2. Con carácter xeral, e respectando sempre o principio de neutralidade tecnolóxica, as estacións radioelétricas de radiocomunicación deberán utilizar a solución constructiva que reduza ao máximo, sempre que sexa posible, o impacto visual ambiental. Asemade, deberán resultar compatibles co entorno e integrarse arquitectonicamente de forma adecuada, adoptando as medidas necesarias para reducir ao máximo o impacto visual sobre a paisaxe arquitectónica urbana ou rural, coas debidas condicións de seguridade.

9.3. A instalación das infraestructuras radioelétricas efectuarase de forma que sexa posible o tránsito de persoas necesario para a conservación e mantemento do espazo no que se sitúen.

9.4. As infraestructuras radioelétricas deberán sinalizarse e, se é o caso, valarse, de acordo co establecido no artigo 8.2 do Real Decreto 1066/2001.

9.5. Sen prexuízo doutros requirimentos que sexan esixibles pola cualificación dos solos nos que se sitúen, o acabado respectará as normas urbanísticas de aplicación e estará acorde co entorno no que se ubique a instalación de telefonía móbil, segundo as directrices acordadas no Código de Boas Prácticas.

9.6. As características e sistemas de protección das infraestructuras radioelétricas cumprirán o establecido pola normativa específica de aplicación e polo plan urbanístico e demais ordenanzas vixentes.

9.7. As instalacións en conxuntos histórico-artísticos, zonas arqueolóxicas, xardíns e bens declarados de interese cultural, así como calquera outro protexido, incorporarán medidas de mimetización ou solucións específicas que reduzan o impacto visual, sen prexuízo da normativa de aplicación específica, ou do instrumento que determine as condicións de protección.

Artigo 10.- Estacións base situadas en edificios

10.1. Na instalación das estacións radioelétricas, adoptaranse as medidas necesarias para reducir ao máximo os impactos ambiental e visual. Cumpriranse, en todo caso, as regras seguintes:

a) Prohíbese a colocación de antenas sobre soporte apoiado no petril de remate da fachada dun edificio.

b) Cando se instalen mastros sobre azoteas, a altura dos devanditos mastros será a mínima necesaria que permita salvar os obstáculos do entorno inmediato para a

axeitada propagación da sinal radioelétrica e para garantir a suficiente distancia nas zonas de tránsito de público.

c) Os mastros ou elementos soporte de antenas apoiados en cuberta plana ou nos paramentos laterais de torreóns ou calquera outro elemento prominente de dita cuberta, cumprirán as seguintes regras:

- O retranqueo mínimo de calquera elemento integrante destas instalacións respecto ao plano de calquera fachada exterior do edificio sobre o que se ubica será de 2 metros.

- A altura máxima sobre a cuberta ou terraza plana do conxunto formado polo mastro ou elemento soporte e as antenas, será do vértice dun cono recto, cuxo eixe coincida co do mastro ou soporte e a súa xeratriz forme un ángulo de 45 graos co devandito eixe, e interseccione coa vertical do petril ou borde de fachada exterior, sen que a devandita intersección, se eleve por enriba mais de un metro respecto do borde.

10.2. Excepcionalmente, as antenas poderán apoiarse sobre as cumbreras das cubertas e sobre os vértices superiores ou puntos de coroación de torreóns, ou calquera outro elemento prominente da cuberta, sempre que a instalación pretendida se integre satisfactoriamente no conxunto e as antenas resulten harmónicas co remate da edificación.

10.3. Na instalación de colectores vinculados funcionalmente a unha determinada estación radioelétrica, situados sobre cuberta de edificios, cumpriranse as seguintes regras:

a) Non serán accesibles ao público.

b) Situaranse a unha distancia mínima de 3 metros respecto da fachada exterior do edificio.

c) Serán de dimensións o mais reducidas posibles dentro dos estándares habituais, sempre e cando teñan capacidade para albergar no seu interior a totalidade dos equipos de telecomunicación necesarios para o correcto funcionamento da estación base, e en ningún caso a superficie de planta excederá de 25 metros cadrados, nin a altura máxima de 3 metros.

d) A ubicación do colector non dificultará a circulación pola cuberta necesaria para a realización dos traballos de conservación e mantemento do edificio e as súas instalacións.

e) Cando o colector sexa visible dende a vía pública, espazos abertos ou patios interiores, a cor e aspecto da envolvente adaptaranse aos do edificio e a súa ubicación adecuarase á composición da cuberta.

Excepcionalmente, o colector poderase colocar de forma distinta á indicada, cando na solución proposta se xustifique que a instalación cumpre os criterios de adecuación de impacto visual pretendidos por esta ordenanza.

Artigo 11. - Instalacións en zonas de vivendas unifamiliares

11.1. As antenas ou calquera outro elemento pertencente a unha estación base de telefonía, cuxa instalación se efectúe nun edificio pertencente a este ámbito, só poderán autorizarse cando se xustifique que polas características dos elementos previstos e as condicións do seu emprazamento, se consegue o axeitado mimetismo coa paisaxe, e conseguintemente, non producirá a súa instalación impacto visual desfavorable.

11.2. Poderá admitirse a instalación de antenas na fachada dun determinado edificio, sempre que polas súas reducidas dimensións, as condicións de ubicación resulten acordes coa composición da fachada e non supoñan menoscabo no ornato e decoración da mesma. En calquera caso, se cumprirán as seguintes regras:

a) Situaranse por debaixo do nivel de cornixa, sen afectar a elementos ornamentais do edificio.

b) A súa colocación axustarase ao ritmo compositivo da fachada.

c) A separación das antenas respecto ao plano de fachada non excederá de 50 centímetros. Excepcionalmente, poderán superar a devandita distancia sempre e cando se integren visualmente.

d) O trazado da canalización ou cable integrarase harmonicamente na fachada e a súa cor adaptarse ao do paramento correspondente.

e) O colector ubicarase en lugar non visible.

Artigo 12.- Instalación de antenas situadas sobre mastros ou estruturas apoiadas sobre o terreo

12.1. Na súa instalación adoptaranse as medidas necesarias para atenuar o impacto visual e conseguir a axeitada integración na paisaxe, e en todo caso:

a) A altura máxima do apoio sobre o solo, en solo non urbanizable (espazo natural ou espazo natural protexido) será de 30 metros, a excepción de emprazamentos compartidos ou por razóns técnicas, nos que se poderá ampliar

a 40 metros de altura. Os apoios sobre solo urbano non excederán de 25 metros de altura, a excepción de emprazamentos compartidos ou por razóns técnicas, nos que se poderá ampliar aos 30 metros.

b) Os recintos colectores vinculados funcionalmente a unha determinada estación base de telefonía, non excederán de 25 metros cadrados nin a altura máxima de 3 metros e a cor e aspecto exterior procurará a súa integración máxima co entorno.

12.2. Nas zonas adxacentes a vías rápidas deberán cumprirse as prescricións establecidas na normativa reguladora das proteccións marxinais de estradas e vías públicas.

12.3. En terreos nos que o uso previsto no planeamento urbanístico sexa incompatible coa instalación de estacións radioelétricas, o Concello establecerá, no seu caso, as condicións de temporalidade da licenza.

Artigo 13.- Instalación de antenas de dimensións reducidas sobre construcións ou elementos integrantes do mobiliario urbano

Poderase autorizar, mediante convenio, a instalación de antenas de reducidas dimensións en elementos do mobiliario urbano, como báculos de alumeadado, columnas informativas, quioscos ou calquera outro elemento do mobiliario urbano, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) A cor e aspecto da antena adaptaranse ao entorno.

b) O colector instalárase, preferentemente, baixo rasante. Excepcionalmente, poderase admitir outra ubicación sempre que se xustifique que a instalación se integra harmonicamente na paisaxe urbana e non entorpece o tránsito.

Artigo 14.- Uso compartido de Infraestructuras

14.1. En materia de uso compartido de infraestructuras, os operadores deberán respectar o estipulado no artigo 30 da Lei Xeral de Telecomunicacións de 2003. En particular:

1. Promoverase o uso compartido de infraestructuras, sobre todo en solo non urbanizable e bens de titularidade municipal, sempre e cando sexa técnica, contractual e economicamente viable, e sen prexuízo do cumprimento dos requisitos materiais e procedimentais previstos pola normativa sectorial estatal en materia de telecomunicacións para o uso compartido de instalacións.

2. Nos bens de titularidade municipal poderá ser obrigatorio o uso compartido de emprazamentos salvo que a operadora poida xustificar que o mesmo non é tecnicamente viable.

3. En espazos de titularidade privada, o uso compartido non será condición para a concesión da licenza, non obstante, á vista dos Plans de Implantación presentados polas distintas operadoras, o Concello poderá requirir ás mesmas, cando soliciten licenza, para que xustifiquen a inviabilidade técnica, contractual e económica do uso compartido.

14.2. O uso compartido de infraestructuras de telecomunicacións, como posible técnica reductora do impacto visual producido por estas instalacións, será en todos os casos, obxecto dun estudio individualizado.

14.3. A intervención do Concello neste ámbito salvagardará os principios de transparencia, proporcionalidade e non discriminación.

CAPÍTULO IV.- RÉXIME XURÍDICO DAS LICENZAS

Artigo 15.- Suxeición a licenza.

15.1. Sen prexuízo das demais autorizacións que sexan procedentes segundo a lexislación sectorial aplicable, e de acordo co establecido na lexislación urbanística vixente, as instalacións de antenas de radiocomunicación e as súas correspondentes estacións base estarán suxeitas á obtención de licenza municipal de obra ou instalación, actividade, e posta en funcionamento; a excepción das instalacións radioeléctricas de menos de 10 w de P.I.R.E. (potencia isotrópica radiada equivalente), que estarán sometidas á comunicación previa á súa posta en funcionamento, regulada no art. 18 desta ordenanza.

15.2. As licencias concedidas polo Concello non presupoñen autorización de uso ou homologación dos equipos e resto de componentes que, de ser o caso, deberá concederse pola administración competente.

15.3. As infraestructuras en solo rústico deberán obter, no seu caso, as autorizacións que sexan preceptivas neste tipo de solo conforme ao disposto na normativa urbanística da Comunidade Autónoma. En concreto, con carácter previo á concesión da licenza municipal, o solicitante deberá obter:

- informe favorable do organismo autonómico competente en materia de patrimonio cultural, cando se trate de solo rústico especialmente protexido para zonas con

interese patrimonial, artístico ou histórico; conforme ao disposto no artigo 34.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia

- autorización da Comunidade Autónoma, cando se trate de solo rústico de especial protección de espazos naturais; conforme ao disposto no artigo 39.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Non será preciso informe ou autorización previa da Comunidade Autónoma, bastando coa licenza municipal, cando as instalacións radioeléctricas se vaian ubicar no resto de tipos de solo rústico contemplados na Lei 9/2002 -artigo 33.2,f); en relación cos artigos 36.1, 37.1 y 38.1-.

15.4. As licenzas municipais tramitaranse sen prexuízo da aprobación do proxecto técnico de telecomunicacións e a verificación do cumprimento dos límites de exposición a campos electromagnéticos polo órgano competente da Administración do Estado, establecidos no RD 1066/2001 para aquelas instalacións que o precisen, así como de calquera outra autorización de instalacións auxiliares que fose preceptiva.

Artigo 16. - Disposicións aplicables á tramitación de licenzas

16.1. En canto ao réxime de licenzas para as infraestructuras obxecto desta ordenanza, estarase ao establecido nas ordenanzas vixentes no Concello para a tramitación de licenzas, sen prexuízo doutros requisitos administrativos que deban cumprirse en cada caso.

16.2. Toda a documentación irá acompañada da acreditativa do cumprimento das obrigas tributarias que determinen as Ordenanzas Fiscais correspondentes.

16.3. A presentación incompleta ou defectuosa da documentación a que fan referencia os apartados do artigo 17 deberá ser emendada no prazo de 10 días a partir da notificación que remita o Concello ao interesado, con suspensión do prazo para resolver establecido. Cando a documentación non se emende en prazo levará consigo o desestimento na solicitude.

16.4. As solicitudes de licenza deberán resolverse no prazo establecido nas respectivas ordenanzas municipais, normativa autonómica e supletoriamente, no prazo de tres meses establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAPPAC). Transcorrido o devandito prazo, se non recaeu resolución, esta entenderase outorgada por silencio administrativo. Non obstante, cando se trate de solicitude de licenza en solo rústico, transcorrido o devandito prazo sen recaer resolución, esta entenderase

desestimada por silencio administrativo, de conformidade co disposto no artigo 195.7 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

16.5. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou licenzas en contra do disposto nas normativas aplicables.

Artigo 17. - Documentación a presentar coa solicitude de licenzas

As solicitudes de licenza presentáense por triplicado no Rexistro do Concello por calquera dos medios legalmente establecidos, acompañadas da seguinte documentación:

17.1. Para as licenzas de actividade

Seguirase a tramitación establecida no Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental. Deberá aportarse, ademais da documentación habitual, a seguinte:

1. Estudio do impacto ambiental que describa polo miúdo a posible incidencia da súa implantación e funcionamento no medio natural exterior e interior das edificacións e construcións do seu entorno, con indicación, polo menos, dos seguintes datos:
 - Acreditación que dea fe do cumprimento das normas e directrices dictadas polos órganos competentes en materia de saúde.
 - Estudio do impacto visual na paisaxe arquitectónica urbana así como as medidas correctoras que se propoñen adoptar para eliminar os devanditos impactos e grao de eficacia previsto, aportando a documentación gráfica ilustrativa e fotomontaxe.
2. Estudio acústico acorde coas especificacións do artigo 11 do Regulamento 150/1999 que desenvolve a Lei 7/1997 de protección contra a contaminación acústica de Galicia, con especial atención aos efectos producidos polas instalacións de acondicionamento do aire.
3. Descrición das instalacións de electricidade, aire acondicionado etc, con indicación do cumprimento dos seus respectivos regulamentos de aplicación achegando a autorización do órgano competente da Comunidade Autónoma.

4. Descrición e xustificación das medidas correctoras adoptadas para a protección contra as descargas eléctricas de orixe atmosférico, así como das de sinalización e valado que restrinxa o acceso de persoal non profesional á zona.
5. Plano a escala axeitada da localización da instalación e do trazado cableado.
6. Documentos que expresen a conformidade do titular do terreo ou inmovible sobre o que se instalen as infraestructuras. Se o inmovible pertence a unha comunidade de propietarios, deberá presentarse a acta da comunidade na que se exprese o voto favorable á devandita instalación, segundo o establecido na Lei de Propiedade horizontal.
7. Declaración ou compromiso de manter a instalación en perfectas condicións de seguridade, estabilidade e ornamentación.
8. Copia da documentación que debe ser presentada no Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía de acordo ao Real Decreto 1066/2001, cuxos contidos e formatos se atopan regulados pola Orde/CTE/23/2002.
9. Acreditación da presentación ante o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía da documentación necesaria para a autorización por este das instalacións radioeléctricas.
10. Certificado emitido polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía onde se autoriza a instalación.
11. Estudio do contorno no que consten tódolos espazos sensibles e antenas de telefonía existentes nun radio de 100 metros.

17.2. Para as licenzas de obra ou instalación

Ademais da documentación requirida con carácter xeral polas normas de procedemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal e demais instrumentos urbanísticos, que sexa necesaria e congruente coa natureza e características da instalación de que se trate, á solicitude de licenza acompañarase da seguinte documentación:

1. Proxecto técnico por triplicado, asinado por técnico competente, conforme á normativa actual de construción e o Código Técnico da Edificación, incluíndo como mínimo a seguinte documentación:
 - a) Memoria descritiva de:
 - As actuacións a realizar
 - Os servizos a prestar
 - A posible incidencia da súa implantación no ámbito

- Medidas correctoras que se propoñen adoptar para atenuar os devanditos impactos, se os houberse, co grao de eficacia previsto
- Impacto visual na paisaxe urbana ou rural da instalación, con fotomontaxes ilustrativas dende a vía pública, especialmente dende os puntos onde a instalación sexa máis visible, e en todo caso, dende a mesma rúa onde se atopa o edificio onde se pretende realizar a instalación, tomados a 50 metros a un e outro lado do edificio en cuestión. Asemade, cando se estime conveniente polos servizos técnicos municipais, tomaranse fotografías dende a ubicación da instalación, partindo dunha primeira de 0 graos e as restantes a 45 graos, nas que se poidan apreciar os edificios e o entorno do emprazamento proposto.

b) Planos

- De ubicación da instalación e de trazado do cableado necesario para a instalación
- De planta, alzado e sección existente e modificado, no seu caso, indicando os equipos e instalacións auxiliares
- De emprazamento referido ao plano de calificación do solo no planeamento municipal. En solo non urbanizable, plano de parcela reflectindo dimensións e ubicación.

c) Descrición das medidas correctoras adoptadas para a protección contra as descargas eléctricas de orixe atmosférica, así como da sinalización e valado que restrinxa o acceso de persoal non profesional á zona, sempre que o esixa a normativa aplicable.

d) Estudo de seguridade e saúde.

2. Copia do título habilitante para o exercicio da actividade de acordo coa lexislación de telecomunicacións.

3. Documentos que expresen a conformidade do titular do terreo ou inmovible sobre o que se instalen as infraestructuras. Se o inmovible pertence a unha comunidade de propietarios, deberá presentarse a acta da comunidade na que se exprese o voto favorable á devandita instalación, segundo o establecido na Lei de Propiedade horizontal.

4. Copia da ficha resumo de datos da instalación incluída no devandito proxecto.

5. Declaración do compromiso de manter a instalación en perfectas condicións de seguridade, estabilidade e ornamentación, así como o compromiso de desmantelamento das instalacións unha vez deixen de estar en servizo.

6. Identificación do técnico director de obra responsable da execución. O devandito técnico ou outro que o substitúa e asuma o proxecto, terá que asinar o certificado final da instalación da obra.

17.3. Para as licenzas de posta en funcionamento

1. Con carácter previo á posta en funcionamento das instalacións, os órganos municipais competentes comprobarán que estas se corresponden cos termos autorizados nesta ordenanza.

2. A solicitude de licenza acompañarase da seguinte documentación:

- Certificado final de obra.
- Certificado da dirección facultativa que acredite a adecuación do construído ao proxecto obxecto de licenza, visada polo correspondente colexio profesional.
- Certificación da dirección facultativa que acredite a adecuación á normativa aplicable dos impactos ambientais producidos por ruídos, vibracións e aires.
- No seu caso, copia das autorizacións auxiliares (baixa tensión, clima, etc.) outorgadas polo organismo administrativo competente.

17.4. De conformidade co previsto no artigo 41.2.a) da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, cando se trate de instalacións en solo rústico, o promotor deberá presentar a solicitude ante o Concello acompañada, ademais da documentación sinalada nos apartados anteriores, do anteproxecto redactado por técnico competente, co contido que se detalle regulamentariamente, e, como mínimo, a documentación gráfica, fotográfica e escrita que sexa suficiente para coñecer as características esenciais do emprazamento e do seu entorno nun radio mínimo de 500 metros; da titularidade dos terreos e superficie dos mesmos; do uso solicitado e das obras necesarias para a súa execución, conservación e servizo; as súas repercusións territoriais e ambientais e as que sexan necesarias para xustificar o cumprimento das condicións establecidas na devandita Lei.

Artigo 18. - Réxime de comunicación

Para as instalacións sometidas a comunicación previa, de acordo co artigo 15 desta ordenanza, os operadores deberán comunicar ao Concello o inicio da actividade cunha antelación mínima dun mes xunto á presentación da seguinte documentación subscrita por técnico competente:

A) Memoria descriptiva e xustificativa das obras e instalacións a realizar, incluíndo fotomontaxe e simulación gráfica do impacto visual na paisaxe arquitectónica urbana e presuposto.

B) Representación gráfica das obras e das instalacións, da localización da instalación na construción ou no edificio e do trazado do cableado.

C) Certificación da acreditación oficial da empresa responsable das obras e instalacións.

Transcorrido o prazo dun mes dende a presentación da comunicación acompañada da indicada documentación, sen notificarse deficiencias por parte do Concello, o titular poderá iniciar o seu funcionamento e exercicio da actividade.

CAPÍTULO V. - CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS

Artigo 19. - Deber de conservación

19.1. Os titulares das licenzas, así como os propietarios das instalacións, están obrigados a mantelas nas debidas condicións de seguridade, estabilidade e conservación.

19.2. Cando os servizos municipais detecten un estado de conservación deficiente, comunicáranllo aos titulares da licenza para que, nun prazo de quince días a partir da notificación da irregularidade, adopten as medidas oportunas. En caso de urxencia cando existan situacións de perigo para as persoas ou os bens, as medidas haberán de adoptarse de forma inmediata, e nunca superior a un prazo de 24 horas. De non ser así, a instalación poderá ser retirada polos servizos municipais, con cargo ao obrigado.

19.3. Nos supostos de cese definitivo da actividade ou existencia de elementos da instalación en desuso, o titular da licenza ou, no seu caso, o propietario das instalacións, deberán realizar as actuacións necesarias para desmantelar e retirar os equipos de radiocomunicación ou os seus elementos, restaurando ao estado anterior o terreo, a construción ou edificio que sirva de soporte á devandita instalación.

Artigo 20. - Renovación e substitución das instalacións

Estarán suxeitas aos mesmos requisitos establecidos na presente ordenanza para a primeira instalación, a renovación ou substitución completa dunha instalación, e a reforma das características constructivas desta que foran determinantes para a súa autorización; así como a substitución dalgún dos seus elementos por outro de características diferentes aos autorizados.

Artigo 21. - Ordes de execución

Co fin de asegurar o cumprimento do establecido na presente ordenanza, o órgano competente do Concello dictará as ordes de execución que sexan necesarias, as cales conterán as determinacións seguintes:

- A) os traballos e obras a realizar para cumprir o deber de conservación das infraestruturas radioeléctricas e da súa instalación ou, no seu caso, da súa retirada ou dalgún dos seus elementos.
- B) do prazo para o cumprimento voluntario do ordenado, que se fixará en razón directa da importancia, volume e complexidade dos traballos a realizar.
- C) a esixibilidade do proxecto técnico e, no seu caso, dirección facultativa en función da entidade das obras a realizar.

CAPÍTULO VI. - RÉXIME DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE E SANCIONADOR DAS INFRACCIÓNS

Artigo 22. - Inspección e disciplina das instalacións

As condicións urbanísticas de instalación -incluídas as obras- e seguridade das instalacións reguladas por esta ordenanza, estarán suxeitas ás facultades de inspección municipal, correspondente aos servizos e órganos que teñan encomendada a facultade protectora da legalidade e disciplina urbanística.

Artigo 23. - Protección de legalidade

23.1. As accións ou omisións que contraveñan o disposto na presente ordenanza poderán dar lugar á adopción das medidas que a continuación se establecen, que serán impostas polo procedemento previsto para cada unha delas:

- A) Restitución da orde vulnerada en materia de urbanismo, medio ambiente e saúde.
- B) Imposición de multas aos responsables logo da tramitación de procedemento sancionador que corresponda, conforme a establecido por Lei de Réxime Xurídico de Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común e demais normas de aplicación.

23.2. En todo caso, a administración municipal adoptará as medidas tendentes a repoñer os bens afectados ao estado anterior á produción da situación ilegal.

Artigo 24. - Infraccións e sancións

24.1. **Infraccións:**

As accións ou omisións que vulneren o disposto na presente ordenanza en relación á localización, instalación e funcionamento das infraestructuras radioeléctricas constituirán infraccións que serán sancionadas de conformidade co establecido na normativa municipal que resulte de aplicación.

1. Graves

- A) O funcionamento da actividade cos seus equipos de comunicacións sen respectar as condicións que figuren incorporadas á licenza concedida.
- B) O incumprimento dos deberes de conservación, renovación, substitución, revisión e retirada das instalacións radioeléctricas.
- C) O Incumprimento da obriga de presentar ante o Concello un Plan de Implantación que contemple o conxunto de todas as súas instalacións radioeléctricas dentro do termo municipal, así como as posibles modificacións deste.
- D) O incumprimento do deber de realizar a comunicación previa á posta en funcionamento das instalacións radioeléctricas de menos de 10 w de P.I.R.E. (potencia isotrópica radiada equivalente).

As infraccións graves poden ser moi graves cando haxa reincidencia no incumprimento.

2. Leves

- A) O incumprimento dos prazos de adecuación das instalacións existentes, establecidas na presente ordenanza.
- B) Presentación fora de prazo ao Concello das modificacións ou actualizacións do contido do Plan de Implantación.
- C) A non presentación da xustificación á que se refire o artigo 14.1.3.

En todo caso, cando no procedemento sancionador se demostre a escasa entidade do dano producido aos intereses xerais, as accións e omisións que vulneren o disposto na presente ordenanza serán cualificadas como infraccións leves.

24.2. **Sancións:**

A determinación das sancións que corresponde impoñer pola comisión das infraccións tipificadas nesta ordenanza, realizarase da forma seguinte:

- A) A comisión das infraccións leves a que se refire esta ordenanza sancionase con multa de ata 750 euros.
- B) A comisión das infraccións cualificadas como graves na presente ordenanza serán sancionadas con multa de 751 a 1.500 euros.
- C) A comisión das infraccións moi graves sancionase con multa de 1.501 a 3.000 euros.

24.3. As actuacións reguladas nesta ordenanza que, aínda amparadas nunha licenza, se realicen en contra das condicións impostas por esta, serán consideradas, aos efectos de aplicación do réxime de protección da legalidade e sancionador das infraccións correspondentes, como actuacións sen licenza, impoñéndose a sanción de acordo cos criterios establecidos nos apartados anteriores, que se calcularán polos Servizos Técnicos competentes.

24.4. Na aplicación das sancións previstas na presente ordenanza, así como na posible adopción das medidas cautelares e nos prazos de caducidade e prescrición, estarase ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro, así como ao disposto no R.D 1398/1993 do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

CAPÍTULO VII.- RÉXIME FISCAL

Artigo 25. - Réxime fiscal

As instalacións reguladas nesta ordenanza, así como a obtención das licenzas preceptivas, estarán suxeitas aos tributos previstos nas ordenanzas fiscais conforme aos preceptos destas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

No prazo dun ano, contado a partir da entrada en vigor desta ordenanza, o Concello creará un Rexistro Especial no que se inscribirán todas as instalacións radioeléctricas suxeitas a esta que obtiveran as correspondentes licenzas municipais. A inscrición rexistral realizarase de oficio ou a instancia do interesado e deberá conter os datos relativos ao titular da licenza e as condicións impostas para a autorización da instalación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Disposición transitoria primeira: Instalacións existentes

1.1. As instalacións existentes no momento da entrada en vigor desta ordenanza que dispoñan das licenzas esixibles de acordo coa formulación ou ordenanzas vixentes

naquela data, así como para aquelas para as que os seus titulares solicitasen as licenzas que fosen preceptivas antes da aprobación inicial da ordenanza e sobre as cales non recaese resolución expresa por parte do Concello, inscribíranse no Rexistro Especial e deberán adecuarse aos aspectos regulados por esta ordenanza no prazo de 3 anos. Concluído este prazo só se permitirán actuacións de conservación e mantemento; non obstante o Concello poderá autorizar outras construcións, sempre que con elas se reduza o impacto visual.

1.2. As instalacións existentes no momento de entrada en vigor desta ordenanza que non cumpran as condicións sinaladas no parágrafo anterior, deberán regularizar a súa situación e solicitar as licenzas correspondentes establecidas nesta ordenanza nos prazos que fixe a normativa de aplicación, ou no seu caso, no prazo máximo de 1 ano dende a entrada en vigor da presente ordenanza.

1.3. No prazo de 1 mes dende a entrada en vigor desta ordenanza, todas as instalacións existentes, independentemente dos prazos dos apartados anteriores, deberán acreditar o cumprimento dos límites de referencia RD 1066/01, coa copia da última certificación esixible presentada ao Ministerio de Industria.

1.4. Se as instalacións non cumprisen co establecido no apartado 1.2, o Concello poderá suspender cautelarmente a actividade das citadas instalacións e poderá ordenar a súa clausura se transcorrido un mes dende a suspensión, non se presentase a solicitude das referidas licenzas.

1.5. Os prazos establecidos nos apartados anteriores non impedirán o exercicio da potestade inspectora e sancionadora por parte do Concello.

Disposición transitoria segunda: Solicitudes en trámite

Non obstante o disposto no artigo 1.1 da Disposición Transitoria 1ª as solicitudes de licenza, presentadas dentro dos tres meses anteriores da entrada en vigor desta ordenanza, de acordo co plan ou Ordenanzas vixentes naquela data, deberán adecuarse aos requisitos desta ordenanza e presentar a documentación correspondente, para o cal os solicitantes disporán dun prazo de 6 meses quedando suspendida a tramitación do expediente ata a presentación da nova documentación.

DISPOSICIÓN FINAIS

Disposición final primeira

No non previsto nesta ordenanza, estarase ao disposto na normativa Estatal e Autonómica sobre a materia.

Disposición final segunda

De acordo co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a presente ordenanza entrará en vigor aos quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación.

Anexo. DEFINICIÓNS

Antena: para os efectos desta Ordenanza, enténdese por antena aquel elemento que integra un sistema de comunicación do que a súa función é a de transmitir ou recibir potencia cunhas determinadas características de direccionalidade acordes á aplicación. As antenas teñen tamaños e deseños moi variados.

Colector: cabina ou armario dentro do que se sitúan os elementos ou equipos pertencentes a unha rede de telecomunicación.

Dominio Público Radioeléctrico: é o espazo polo que poden espallarse as ondas radioeléctricas.

Espazo sensible: inclúense dentro desta definición as garderías, colexios, centros de saúde, parques públicos con zona de xogos infantís, complexos deportivos e residencias ou centros xeriátricos.

Impacto visual ou paisaxístico: é o impacto ambiental que afecta á paisaxe e que se manifesta principalmente por un excesivo contraste da cor, forma, tamaño, etc.

Mastro: peza ou estrutura vertical de altura variable que serve de suxeición para un ou varios elementos do sistema de telecomunicación.

Operador: a entidade ou empresa titular das instalacións de soporte físico de antenas e equipos de radiocomunicación (mastro, caseta e equipos de subministración eléctrica), neste caso falaremos de operador de infraestrutura; ou ben a entidade ou empresa titular do servizo de radiocomunicación ou os usuarios das instalacións de radiocomunicación de titularidade propia ou allea, neste caso falaremos de operadores de servizos.

Pire: potencia isotrópica radiada equivalente, produto da potencia subministrada á antena multiplicada pola súa ganancia con relación a unha antena isótropa, nunha dirección dada (ganancia isótropa ou absoluta).

Radiocomunicación: toda telecomunicación transmitida por medio de ondas radioeléctricas.

Soporte: utensilio sobre o que poden fixarse outros elementos ou equipos.